


Visita Verín


1

◆◆◆ Percorre a zona histórica

Este é un roteiro urbano para visitar o patrimonio do centro histórico da vila, dende a praza da Mercé até o Barrio de San Lázaro. A primeira parada é nun edificio de estilo Barroco do século XVIII, construído en parte con pedras procedentes da fortaleza de Monterrei, que dende o ano 2017 alberga no seu Claustro un museo que naceu coa vontade de dar a coñecer a historia da súa comarca e crear entre os seus veciños un sentimento de identidade. A **Praza do Cigarrón** honra o personaxe máis representativo do Entroido de Verín, festa declarada de interese turístico nacional; outro lugar histórico é a **Casa dos Acevedo**. O edificio presenta un pórtico con tres arcos de medio punto. Como curiosidade, nela hospedouse Felipe el Hermoso, no século XVI, nunha viaxe que realizou a Galiza. Dende aquí diriximos os nosos pasos a través da ponte do Río Támega ata San Lázaro, conxunto histórico formado pola Capela, Cruceiro e a Casa do Escudo. Este último é un pazo do século XVIII vinculado directamente co Camiño de Santiago.



MUMI
verín'20





2

◆◆◆ Camiño de Santiago

Nas beiras do Tâmega atopáronse, ao longo dos séculos, peregrinos procedentes de Portugal e de España. Esta devoción pode ser un dos motivos de que aquí xurdisen o primeiro libro impreso en portugués, o 'Sacramental' de Chaves, e o primeiro libro impreso en Galiza, o 'Misal Auriense' de Monterrei, ambos de finais do século XV. Hoxe, os peregrinos, coas súas mil motivacións, seguen atravesando Chaves e Verín, camiño a Santiago. O Camiño Portugués de Interior arrinca en Farminhão, Viseu.

Imprescindibles: **Casa do Escudo**, **Camiño Real** e **Miradoiro**. Dende a capela de San Lázaro parte o Camiño real, ao que tamén vai o roteiro Xacobeo para subir á **Acrópole de Monterrei**, que tivo en tempos outro histórico hospital de peregrinos.



3



Patrimonio Termal

Propoñémosche un itinerario saudable que discorre polo patrimonio balneario da vila, e que podes prolongar percorrendo todo o roteiro termal e da auga. Verín, capital das augas minerais de Galiza, contén importantes mananciais dos que se extraen e comercializan varias augas: Cabreiroá, Sousas, Fontenova e Caldeliñas, este último un pouco máis afastado do centro urbano. O Sapo é un dos mananciais máis visitados e valorados polos verineses.

As súas augas caracterízanse polo seu poder cicatrizante contra todo tipo de chagas, e son recomendables no tratamento de enfermidades relacionadas con algunhas afeccións da pel. Visitas imprescindibles: **Caldeliñas e Cabreiroá**.



4

◆◆◆ Cultura do viño. Adegas e lagares

Grazas á situación xeográfica desta comarca, penetraron en Galiza diversas culturas mediterráneas do mundo antigo, moitas delas portadoras da novidade do viño e do seu cultivo. Neste roteiro a proposta é **visitar adegas e percorrer o Roteiro do Viño**. En Verín, a zona de produción da Denominación de Orixe Monterrei está constituída polos concellos de Monterrei, Oímbra, Verín, Castrelo do Val, Riós e Vilardevós, establecéndose dúas subzonas: o Val e a Ladeira de Monterrei. Esta diferenciación é resultado dunha gran variedade de chans e orientacións que, unido aos microclimas xerados nas ladeiras, producen uns viños con características moi diferenciadas, persoais e con gran complexidade aromática.

Web do Consello Regulador: <http://www.domonterrei.wine/>

Percorre lugares recónditos para atopar Lagares Rupestres. Historia viva do noso pasado vinícola e de da nosa cultura, esta comarca é a rexión vinícola de Galiza con maior número de lagares rupestres. En Verín, o máis próximo atópase situado na Capela de San Antón (Ábedes). Se dispós de tempo, achégate a Oímbra e percorre o Roteiro dos Lagares.



5




Natureza en Verín



RIO TÁMEGA

O río Támega ao seu paso polos municipios de Verín, Monterrei e Oimbra, inclúíuse na Rede Natura 2000, como Lugar de Importancia Comunitaria.



Convidámoste a coñecer os recunchos deste río que nace en Alberquería (Laza), en plena Serra de San Mamede, a uns 960 metros de altura, e percorre toda a comarca ata chegar a Portugal. No tramo que atravesa Verín podes gozar dun paseo máis urbano a carón do río, ou perderte polos pobos próximos á fronteira para coñecer os roteiros ornitolóxicos sinalizados.

SENDEIRISMO E CICLOTURISMO

Calquera escusa é boa para coñecer Verín e os seus arredores; unhas vacacións programadas ou unha escapada improvisada.

A excepcional situación deste territorio convérteo nun destino de clima mediterráneo tépedo, influenciado polo océano Atlántico.

A oferta de actividades en calquera época do ano é moi variada e apta para todos os gustos e idades. Para os amantes do deporte, as posibilidades son inmensas.

Roteiro Ecovía do Támega

É a nova arteria de Verín, que busca unha relación máis estreita co río.

Roteiros ornitolóxicos


Os roteiros ornitolóxicos da Ecovía do Támega están sinalizados con balizas indicadoras e contan con mesas interpretativas ao longo do percorrido.

Roteiro do Pozo do demo

PR- G 150. O Carreiro Pozo do Demo ten unha lonxitude de 11,3 kms e discorre polos municipios de Verín e Vilardevós. Un percorrido caracterizado pola beleza dunha paisaxe agreste. O roteiro atópase sinalizado en todo o seu percorrido e en todas as variantes. Só debemos gozar da paisaxe dominada por caprichosas formas graníticas.

<https://rutascicloturisticasverin-monterrei.com/>





Percorre a Fronteira

Percorrer a Raia en contacto directo coa paisaxe é un xogo para descubrir o que permanece inalterado a ámbolos dous lados, como identidade dunha terra e o que cambia.

Percorrido polas **'Fortalezas da Raia'**, lévate polos municipios de Verín, Chaves e arredores mostrando as súas antigas estruturas defensivas. Dende a Idade Media e, en particular, coa Guerra de Restauración, que no século XVII separou as coroas hispana e lusa, erixíronse castelos e fortes para asegurar as posicións ante o inimigo: o **Castelo de Monterrei**, os **vestixios da muralla de Verín**, os **Fortes de São Neutel e São Francisco**, **Torre de Menagem** e **Castelos de Santo Estêvão e Monforte de Rio Livre**; todos eles son parada obrigatoria.

O **Camiño do Contrabando** percorre algunhas das poboacións 'raianas', cuxos veciños contan historias sobre saídas nocturnas, monte a través, para levar café, gran e todo tipo de bens. A fronteira crea, ao longo da historia, formas de vida xenuínas.

